



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **21 de xullo de 2017** adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 948/611.

Dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Proposta de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)**

"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

LICITADOR			TOTAL
1	ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U		100,00
2	BIOMED SA		48,43
3	ANEK 53 SL. PROYECTO SALVAVIDAS		25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS SL		15,61



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 948/611

Data impresión: 21/07/2017 12:14

Páxina 1 de 2

Código de verificación: 28E54-24422-3EC53-28A2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/07/2017 12:14	Páxina 2 de 2
Expediente 948/611	Código de verificación: 28E54-24422-3EC53-28A2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		